IV CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE

LII Curso de Saúde Ambiental

PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2013

Vigo, 6-10 maio 2013



Auspiciado

SESA
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE SANIDAD AMBIENTAL

XUNTA DE GALICIA

Patrocinadores oficiais e empresas patrocinadoras

AQUALOGY

gasNatural fenosa

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

aquaBona

Coca-Cola

IBERDROLA

augasdegalicia

ed ESPINA&DELFIN

Sede anfitrioa

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

Director

Prof. Dr. Francisco Peña

Presentación

"O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación"

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceuse expresamente na 3ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Janeiro (1992), a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desesenvolvemento de Johannesburgo (2002) e Río+20 (2012), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local.

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2013,** que contou cos parabéns do coordinador do proxecto "Healthy Cities" da Oficina Rexional para Europa da OMS.

Esta iniciativa itinerante pioneira na Unión Europea, ten como obxectivos prioritarios a formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, ademais de foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente.

A posta en marcha en Galicia deste Programa, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega o longo de 13 anos, contou coa participación de 254 concellos (248 galegos, 2 leoneses, 1 asturiano e 3 portugueses) e 5 entidades locais e rexionais portuguesas, e 4.967 asistentes nas 51 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados. Precisamente co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios que ten o conxunto da comunidade galega, organízase o LII Curso de Saúde Ambiental - IV Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde, que deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación ambiental de Galicia, ademais de punto de encontro de ambientalistas e referencia ambiental de Galicia durante esa semana, co obxectivo de contribuír a sentar as bases do desenvolvemento sostible cara ao futuro da nosa terra.

Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable e sostible para todos/as os/as galegos/as, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira
FUNDADOR PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2013
DIRECTOR CURSOS DE SAÚDE AMBIENTAL

Programa

LUNS, 6 DE MAIO

16:00 h.: ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.

16:30 h.: ACTO INAUGURAL DO CONGRESO.

17:00-20:30 h.: I SESIÓN PLENARIA: **"O camiño cara a saúde ambiental do planeta: modelo enerxético sostible, calidade do aire e loita contra o cambio climático"**

PRESIDENTE: PROF. DR. D. LUIS ESPADA RECAREY

Doutor en Ciencias Químicas pola USC e en Química Aplicada pola Universidad de Manchester. Profesor emérito e exreitor da Universidade de Vigo. Valedor do cidadán de Vigo. Ten no seu haber 35 libros e monografía publicadas sobre temáticas relacionadas coa universidade e o desenvolvemento sostible. Medalla Castelao 2011, concedida pola Xunta de Galicia.

RELATORES:

- **"Novos retos da saúde ambiental en Galicia"**
  D. ÁNGEL GÓMEZ AMORÍN
  Vicepresidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

- **"O novo modelo enerxético español e a súa relación coa sostibilidade"**
  D. FRANCISCO SILVA CASTAÑO
  Delegado de Iberdrola en Galicia.

- **"Proxecto de rehabilitación medioambiental da mina a ceo aberto de Lignitos de Meirama - Gas Natural Fenosa"**
  D. ROBERTO GONZÁLEZ PHILIPPON
  Responsable de Explotación de Activos Mineros - Unidad de Operación de Recursos Naturales de Gas Natural Fenosa.

- **"A calidade do aire en Galicia: sistema de vixilancia e control de emisións"**
  D.ª Mª LUZ MACHO EIRAS
  Directora do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

MARTES, 7 DE MAIO

16:30-20:30 h.: II SESIÓN PLENARIA: **"A xestión das augas ante o reto da DMA: elemento crítico para a saúde e o desenvolvemento sostible"**

PRESIDENTA: PROF.ª DR.ª D.ª MARÍA JULIA MELGAR RIOL

Profesora titular de Toxicoloxía e coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.

RELATORES:

- **"Cara a unha xestión integrada das augas: A Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil"**
  D. XOÁN NÓVOA RODRÍGUEZ
  Comisario de Augas da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

- **"Proxecto de EDAR da cidade de Vigo: unha aproximación integral ao saneamento"**
  D. RAFAEL DÍAZ MARTÍNEZ
  Subdirector de Proyectos y Obras de Saneamiento de acuaNorte.

- **“Implantación de novas tecnoloxías na xestión do ciclo integral da auga”**
  D. JOSÉ ANTONIO DEL REY MARTÍN
  Xerencia de Aqualogy.

- **“Sistema de información xeográfica e ferramentas aplicables á xestión integral da auga”**
  D. RAMÓN ABAL CASAS
  Xefe do Servizo de Espina & Delfín, S.L. en Baiona, Gondomar e Mondariz Balneario.

MÉRCORES, 8 DE MAIO

9:00-14:00 h.: Visita guiada ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, organizada pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, coordinada por D. JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ BOUZAS, director-conservador do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.



Vista panorámica das Illas Cíes dende Alto Príncipe

16:30-20:30 h.: III SESIÓN PLENARIA: **“A xestión dos residuos en Galicia: a súa reciclaxe, reutilización e valorización”**

PRESIDENTE: PROF. DR. D. FRANCISCO JESÚS REY LOSADA
Profesor titular de Química Física da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo.

RELATORES:

- **“A xestión de residuos en Galicia: situación actual e perspectivas de futuro”**
  D.ª VERÓNICA TELLADO BARCIA
  Subdirectora xeral de Residuos e Solos Contaminados da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

- **“A recuperación e a sostibilidade, eixes do modelo Sogama”**
  D. LUIS LAMAS NOVO
  Presidente de Sogama.

- **“Planta de reciclaxe e compostaxe do Barbanza”**
  D. JACOBO PATIÑO LÓPEZ
  Director de Explotación de FCC-Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.

- **“Xestión supramunicipal dos residuos domésticos na provincia de Pontevedra”**
  D.ª MARÍA MARTÍNEZ ABRALDES
  Técnica de Medio Ambiente do Servizo de Cooperación dos Concellos da Deputación de Pontevedra.

XOVES, 9 DE MAIO

9:00-11:30 h.: Visita práctica ao Centro de Vigo de PSA Peugeot Citroën (limitada a 30 congresistas por motivos de seguridade da empresa), guiada por técnicos de medio ambiente coa finalidade de mostrar as súas instalacións de xestión ambiental (EDARI, nave de prensas de chatarra, parque de residuos, incineración de COV, parque botánico).



PSA Peugeot Citroën – Centro de Vigo

12:00-14:00 h.: Roteiro polo patrimonio histórico vigués: a orixe da cidade de Vigo, organizada polo Excmo. Concello de Vigo.



Vista panorámica da Praza da Constitución (casco vello da cidade de Vigo)

16:30-20:30 h.: IV SESIÓN PLENARIA: **"Contribución das empresas e organismos ao desenvolvemento sostible de Galicia"**

PRESIDENTE: **"Instrumentos legais e financeiros de protección ambiental na Unión Europea"**
D. JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO
Director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT).

RELATORES:

- **"A xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial: certificacións ambientais en Galicia"**
  D. JOSÉ ENRIQUE RODRÍGUEZ COELLO
  Xefe do Servizo Comercial da Delegación de AENOR en Galicia.

- **"A implantación de ferramentas de xestión ambiental na empresa**"
  D.ª MARÍA VICTORIA ESCUREDO MERINO
  Xefe Departamento CMA Galicia, Asturias e Cantabria de Novotec Consultores, S.A.

- **"A política de sostibilidade do Porto de Vigo"**
  D. CARLOS BOTANA LAGARÓN
  Xefe División Medio Ambiente da Autoridade Portuaria de Vigo.

- **"Novos retos ambientais das empresas"**
  D.ª MARUXA PÉREZ VÁZQUEZ
  Secretario da Xunta Directiva de APROEMA. Consultora medioambiental.

- **"Sistema de xestión ambiental do Centro de Vigo de PSA Peugeot Citroën"**
  D. ROGELIO MÉNDEZ PEREIRA
  Responsable de Medio Ambiente do Centro de Vigo de PSA Peugeot Citroën.

VENRES, 10 DE MAIO

10:00-13:30 h.: V SESIÓN PLENARIA: **"A xestión sostible dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico e de benestar social de Galicia: posta en valor do patrimonio natural galego"**

PRESIDENTE: D. ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ
Presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Naturalista e investigador. Medalla de Galicia, concedida pola Xunta de Galicia.

RELATORES:

- **“A xestión integrada da costa e a protección do litoral galego cara a un urbanismo sostible”**
  PROF. DR. D. FRANCISCO JAVIER SANZ LARRUGA
  Catedrático de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito e director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. Experto en dereito ambiental.

- **“O Plan Director da Rede Natura 2000”**
  D. RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN
  Director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

- **“Prioridades na xestión da auga en Galicia”**
  D. FRANCISCO MENÉNDEZ IGLESIAS
  Director de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

- **“Turismo sostible en Galicia”**
  D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ
  Directora de Turismo de Galicia.

- **“A xestión dos recursos naturais na cidade de Vigo: posta en valor do patrimonio natural cara ao turismo sostible”**
  D.ª MARÍA JESUS LAGO REY
  Delegada Concelleira de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo do Concello de Vigo.
  D. CAYETANO RODRÍGUEZ ESCUDERO
  Delegado Concelleiro de Cultura e Turismo do Concello de Vigo.

13:30 h.: ACTO DE CLAUSURA DO CONGRESO.

Información xeral

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental de Galicia, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema, fomentando a creación de núcleos de sostibilidade.

DESTINATARIOS/AS

- Técnicos/as, funcionarios/as e responsables políticos da Administración local, provincial e autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da universidade, de ensino secundario e formación profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.
- Técnicos/as e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, explotacións agrarias extensivas, etc.).

METODOLOXÍA

- 5 sesións plenarias e visitas prácticas configuran a estrutura do congreso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañadas de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (power point), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas: 80** (limitadas á capacidade do local).
- **Cota de inscrición:** 30,00 €.

- **Becas gratuitas: 50** (se cubrirán por rigorosa orde de inscrición e serán destinadas a todos aqueles que acrediten algunha das seguintes condicións):

  a/ Empregados públicos da administración local, provincial, autonómica e estatal; e responsables políticos dos concellos de Galicia.

  b/ Estudantes universitarios e dos ciclos educativos de formación profesional de carácter ambiental.

  c/ Desempregados.
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria a **Novagalicia Banco (oficina urbana 9 – Santiago de Compostela)**, nº de conta: **ES38 – 2080 – 0372 – 88 – 3040011862,** a favor de Cursos de Saúde Ambiental 2013, especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento o coa acreditación de becario, e presentarase/enviarase por correo electrónico á Secretaría Técnica. O prazo para formalizar a inscrición comeza o luns día 15 de abril e finaliza o venres día 3 de maio ás 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta, publicacións e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do congreso/curso, que consta de 30 horas lectivas, recibirá un diploma acreditativo de asistencia.
- A Comisión Universitaria da Universidade de Vigo de 16 de abril de 2013 autoriza a concesión de **2 créditos de libre elección** para todas as titulacións (licenciaturas e diplomaturas), ao alumnado matriculado nesa Universidade, sempre que se acredite unha asistencia de como mínimo ao 85% das sesións do LII CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL.
- A Universidade da Coruña concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade, sempre que se acredite unha asistencia de como mínimo ao 85% das sesións do LII CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL.
- A Universidade de Santiago de Compostela concederá **1 crédito de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade, sempre que se acredite unha asistencia de como mínimo ao 85% das sesións do LII CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL.
- A Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia outorga o **recoñecemento de interese sanitario** para o desenvolvemento do LII CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL (Resolución de 12 de abril de 2013).
- O LII CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL está **recoñecido como curso de relevancia administrativa** pola Asociación Española de Ciencias Administrativas - Instituto Internacional de Ciencias Administrativas-Sección Española.

SEDE, DATAS E HORARIO

- **Sede:** salón de actos do CENTRO DE VISITANTES CAMBÓN do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- **Datas:** do 6 ao 10 de maio de 2013.
- **Horario:** de 16:30 a 20:30 horas (luns, martes, mércores e xoves) e de 10:00 a 14:00 horas o venres. O mércores e o xoves (de 9:00 a 14:00 horas) terán lugar as visitas prácticas.

SECRETARÍA TÉCNICA DE ORGANIZACIÓN

Coordina: D. José Antonio Fernández Bouzas

Centro de visitantes CAMBÓN

ISLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

D.ª Sonia Freire López - D.ª Iria Rivero Méndez

CENTRO DE VISITANTES CAMBÓN
PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Edificio Cambón (Casco Vello)
Rúa Palma, nº 4 - 36202 VIGO (Pontevedra)

Tel.: 886 218 090
http://www.reddeparquesnacionales.mma.es
http://www.iatlanticas.es
E-mail: iatlanticas@xunta.es

http://www. medioambienteysalud.com (PORTAL WEB CURSOS DE SAÚDE AMBIENTAL)
E-mail: info@medioambienteysalud.com

Organismos colaboradores

Universidade Vigo

CONCELLO DE VIGO

Deputación Pontevedra

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE · CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL

Puerto de Vigo
Autoridad Portuaria de Vigo

AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA NORTE DE PORTUGAL

Unión Europea
FEDER
Invertimos en su futuro

PROGRAMA COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA ESPAÑA – PORTUGAL COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA 2007-2013

Entidades e empresas colaboradoras e participantes

ALCOA

FCC Servicios Ciudadanos

RIAS DE RIVEIRA, S.L. COMPOSTELA

novagalicia banco
www.novagaliciabanco.es

aproema
asociación profesional de empresas medioambientales de galicia

DERICHEBOURG multiservices

Samper | Refeinsa

PSA PEUGEOT CITROËN

Grupo Urvina

METALIMPEX IBERICA, S.A.U.
International scrap metal merchants

AENOR

Applus
Certification Technological Center

novotec

encasa
energía de Galicia, s.a.

Jael joyería

Recoñecementos e acreditacións

Declarado de interese sanitario pola

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade
Xefatura Territorial de Pontevedra

Recoñecido con créditos de libre elección polas

UNIVERSIDADE DA CORUÑA (2)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (1)

Universidade Vigo (2)

Recoñecido como Curso de Relevancia Administrativa pola

Asociación Española de Ciencias Administrativas
Instituto Internacional de Ciencias Administrativas
Sección Española

IMPRESO EN PAPEL RECICLADO